

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**9369** *Real decreto 1081/2012, do 13 de xullo, polo que se establece o procedemento de regularización de buques pesqueiros e a súa actualización no Censo da frota pesqueira operativa e no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.*

Logo de finalizar o proceso de actualización das inscricións dos buques previsto na Lei 9/2007, do 22 de xuño, sobre regularización e actualización de inscricións de embarcacións pesqueiras no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e no Censo da Frota Pesqueira Operativa, comprobouse que existe un número significativo de embarcacións que quedaron excluídas da súa aplicación por estaren suxeitas a procesos de regularización anteriores, así como que existen certas dificultades para a achega das baixas necesarias.

Para remediar estas situacións publicouse a Lei 35/2011, do 4 de outubro, de titularidade compartida das explotacións agrarias, que na súa disposición adicional quinta modifica a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, engadindo un título VI sobre a regularización de buques pesqueiros no Censo da Frota Pesqueira Operativa e no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.

A mencionada lei, no seu artigo 112, faculta os ministerios de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e de Fomento, consultadas as comunidades autónomas afectadas, para estableceren o procedemento administrativo para a tramitación e resolución da regularización prevista no título VI da Lei 3/2001, do 26 de marzo.

Co fin de establecer un procedemento común en todo o territorio nacional, establécese por medio deste real decreto o procedemento unificado para aquelas solicitudes de regularización que foron presentadas en prazo e tramitadas con base na Lei 9/2007, do 22 de xuño, e cuxos expedientes quedaron pendentes de achega de baixas, ou cuxa eficacia quedou demorada ata o momento da achega de baixas.

Ademais, trátase de dar solución a aqueles expedientes que foron presentados en prazo e non foron admitidos a trámite ou foron desestimados en virtude do establecido no artigo 3 da citada Lei 9/2007, do 22 de xuño, polo que a regularización dun buque pesqueiro só se podía levar a efecto unha soa vez na súa vida útil e non se podían acoller á actualización aqueles buques que se regularizaron con anterioridade.

E por último, trátase de dar solución a aqueles expedientes de regularización que presentaron a súa solicitude antes do 31 de decembro de 2007 e non foron admitidos a trámite por estaren fóra de prazo, pero que mostraron a súa intención de se acolleren á regularización e que, por imponderables de achega da documentación necesaria, o fixeron en datas próximas á conclusión do prazo fixado.

Ao afectar varias comunidades autónomas e incluír o tratamento de materias englobadas nas bases de ordenación do sector pesqueiro, este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.19.<sup>a</sup> e 20.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia de pesca marítima, sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector pesqueiro se lles atribúan ás comunidades autónomas, e as competencias sobre mariña mercante.

Efectuouse trámite de consulta ás comunidades autónomas do litoral e ao sector pesqueiro afectado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e da ministra de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de xullo de 2012,

## DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

É obxecto deste real decreto o establecemento do procedemento administrativo para a tramitación e resolución das solicitudes de regularización das inscricións de buques pesqueiros no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, dependente do Ministerio de Fomento, así como no Censo da Frota Pesqueira Operativa dependente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co previsto no título VI da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Artigo 2. *Interesados.*

1. Poderán solicitar a regularización os armadores ou propietarios que presentasen en prazo a solicitude de regularización no marco da Lei 9/2007, do 22 de xuño, sobre regularización e actualización de inscricións de embarcacións pesqueiras no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e no Censo da Frota Pesqueira Operativa, pero non foron admitidas a trámite ou foron desestimadas en virtude do establecido no artigo 3 da citada lei.

2. Este procedemento tamén será de aplicación aos expedientes instruídos e pendentes de achega de baixas, ou resoltos pero cuxa eficacia quedou demorada ata o momento da achega de baixas.

3. Así mesmo, poderán solicitar a regularización aqueles propietarios ou armadores de embarcacións que presentaron a súa solicitude de regularización conforme o disposto na Lei 9/2007, do 22 de xuño, antes do 31 de decembro de 2007 e esta non foi admitida a trámite por estar fóra de prazo.

Artigo 3. *Solicitudes.*

1. Os interesados dirixirán a solicitude ao órgano competente da comunidade autónoma onde radique o porto base da embarcación no prazo de catro meses desde a entrada en vigor do presente real decreto. Transcorrido o dito prazo, perderase a oportunidade de solicitar a presente regularización.

2. No caso daqueles armadores ou propietarios de embarcacións incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto que non soliciten a regularización, estas serán dadas de baixa provisional no Censo da Frota Pesqueira Operativa, de acordo co previsto no artigo 7, e non poderán ser despachadas para a actividade pesqueira.

3. Unha vez concluído o prazo a que se refire o punto 1, as comunidades autónomas remitirán á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a listaxe daquelas embarcacións que, estando obrigados os seus armadores ou propietarios a solicitar a regularización de acordo co título VI da Lei 3/2001, do 26 de marzo, non a presentaron, para que proceda de acordo co sinalado no punto 2.

Artigo 4. *Instrución.*

1. Expedientes de regularización que foron solicitados en prazo e foron tramitados con base na Lei 9/2007, do 22 de xuño, instruídos e pendentes de achega de baixas de unidades pesqueiras para compensar os incrementos constatados de arqueo ou potencia, ou resoltos pero cuxa eficacia quedou demorada ata o momento da achega de baixas.

Recibidas as solicitudes, o órgano competente da comunidade autónoma comprobará que estas se corresponden cos expedientes arquivados e que toda a documentación está completa e elaborará un informe motivado sobre o que proceda, nun prazo máximo de catro meses, segundo os puntos seguintes:

a) As baixas pendentes de achegar solicitaránselle de novo ao interesado, ao cal se lle concederá un prazo de catro meses para a achega, de conformidade co establecido na

normativa básica estatal en materia de ordenación do sector pesqueiro. Este trámite suspende o prazo legal para a resolución do procedemento.

b) Tanto se se achegadas as baixas requiridas como se transcorre o prazo concedido e non son achegadas, o órgano competente da comunidade autónoma remitirá os expedientes e o seu informe motivado á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira, que confeccionará o informe preceptivo e vinculante sobre os aspectos relacionados coa competencia estatal en materia de pesca marítima de cada un dos expedientes e os devolverá á comunidade autónoma no prazo de dous meses.

2. Expedientes de regularización que foron solicitados en prazo e non foron admitidos a trámite ou foron desestimados, en virtude do establecido no artigo 3 da Lei 9/2007, do 22 de xuño.

Recibidas as solicitudes, o órgano competente da comunidade autónoma comprobará que se corresponden cos expedientes arquivados e que toda a documentación está completa. En caso necesario completárase o expediente de acordo co disposto no punto 3 deste artigo, en canto ao informe que corresponda da Capitanía Marítima. A comunidade autónoma elaborará un informe motivado sobre o que proceda, nun prazo máximo de catro meses.

a) No caso de non existir a necesidade de achega de baixas, remitírase o informe motivado e copia da solicitude á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira para o seu informe preceptivo e vinculante sobre os aspectos relacionados coa competencia estatal en materia de pesca marítima.

b) No suposto de necesidade de achegar baixas, solicitaránselle ao interesado, ao cal se lle concederá un prazo de catro meses para a súa achega, de conformidade co establecido na normativa básica estatal en materia de ordenación do sector pesqueiro. Este trámite suspende o prazo máximo legal para a resolución do procedemento.

c) Tanto se se achegan as baixas como se transcorre o prazo concedido e non son achegadas, o órgano competente da comunidade autónoma remitirá unha copia da solicitude e da documentación á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira, para confeccionar o informe preceptivo e vinculante en materia estatal de pesca marítima de cada un dos expedientes e devolveraos á comunidade autónoma, no prazo de dous meses.

3. Expedientes de regularización que presentaron a solicitude conforme o disposto na Lei 9/2007, do 22 de xuño, antes do 31 de decembro de 2007 e non foron admitidos a trámite por estaren fóra de prazo.

a) O órgano competente da comunidade autónoma solicitará da Capitanía Marítima un informe preceptivo sobre as variacións das características da embarcación respecto do inscrito no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, referidas ao material do casco, a potencia propulsora ou os valores de eslora, manga, puntal ou arqueado, segundo corresponda.

b) A Capitanía Marítima determinará as variacións existentes e verificará as condicións de navegabilidade das embarcacións e informará o interesado para que realice as alegacións que xulgue oportunas. Concederalle un prazo de dous meses para a súa realización, tempo durante o cal queda suspendido o procedemento. A Capitanía Marítima, no prazo máximo de dous meses, elaborará o seu informe e procederá á súa remisión á comunidade autónoma. O prazo total deste trámite será de catro meses, desde a recepción da petición da comunidade autónoma.

Non será necesario recoñecer de novo aquelas embarcacións que o foron anteriormente e que así conste nos arquivos das capitanías marítimas e distritos.

c) Á vista do informe da Capitanía Marítima, o órgano competente da comunidade autónoma solicitará ao armador ou propietario as baixas pertinentes se así for necesario e concederáselle ao armador ou propietario un prazo de catro meses para achegalas, de conformidade co establecido na normativa básica estatal en materia de ordenación do

sector pesqueiro. Este trámite suspende o prazo máximo legal para a resolución do procedemento.

d) A comunidade autónoma remitirá o expediente de regularización e o seu informe motivado á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira, incluíndo a documentación das baixas, no caso de ter sido necesaria a súa achega.

e) A Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira, no prazo de dous meses, emitirá o seu informe preceptivo e vinculante sobre os aspectos relacionados coa competencia estatal en materia de pesca marítima e enviarallo ao órgano competente da comunidade autónoma.

4. Serán de aplicación a cada un dos supostos desenvolvidos nos puntos 1, 2 e 3 anteriores as situacións seguintes relativas ás potencias dos motores:

a) Non será necesaria a achega de baixas nos supostos que teñan relación única e exclusivamente coa regularización da potencia do motor, nos casos en que o armador ou propietario reduza a potencia do motor da súa embarcación ata a anotada na folla de asiento ou ata os límites resultantes da aplicación das tolerancias permitidas no artigo 111 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, tanto nos casos de embarcacións fóra borda como intra borda e sempre que así sexan autorizados pola Capitanía Marítima e a comunidade autónoma correspondente.

b) No caso en que se superen as potencias máximas establecidas no artigo 5.4 do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e adaptación ao Fondo Europeo da Pesca, os armadores ou propietarios deberán reducir a potencia dos motores ata estes límites e, de ser o caso, achegar as baixas necesarias que cubran a diferenza de potencia ata a anotada, aplicándose as tolerancias permitidas polo artigo 111 da Lei 3/2001, do 26 de marzo.

#### Artigo 5. *Resolución.*

O órgano competente da comunidade autónoma, unha vez recibido o informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira, dentro do prazo máximo de catro meses ditará e notificará a súa resolución ao interesado. No mesmo prazo remitirá o expediente e a resolución á Capitanía Marítima.

a) Nos expedientes en que se achegasen as baixas necesarias para a súa regularización e naqueloutros en que non fose necesaria a achega de baixas, por estaren dentro dos límites das tolerancias establecidas na lei, ditarase resolución favorable.

b) Nos expedientes cuxos armadores ou propietarios non presentasen baixas, ou non superasen o proceso de regularización, ditarase resolución desfavorable, e procederase á anotación das características reais nos rexistros e anotarase tamén que estes buques non poderán recibir ningún tipo de axuda pública, nin ser achegados como baixa en ningún caso durante a súa vida útil, ao final da cal deberán ser despezados sen ningunha subvención, de acordo co disposto no artigo 111.5 da Lei 3/2001, do 26 de marzo.

Na resolución incluírase que o armador ou propietario poderá levantar as aludidas limitacións cando se acheguen as baixas pertinentes.

O transcurso do prazo máximo de dezoito meses sen que a comunidade autónoma lle notificase ao interesado a resolución final do procedemento de regularización, determinará que a solicitude, de conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 3/2001, do 26 de marzo, se entenderá desestimada por silencio administrativo.

#### Artigo 6. *Actualización da inscrición no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.*

A Capitanía Marítima, á vista da resolución da comunidade autónoma referida á súa competencia sobre ordenación do sector pesqueiro, resolverá sobre a anotación da actualización das características do buque no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, no prazo de dous meses desde a recepción da resolución da comunidade autónoma, e

comunicarállelo á citada comunidade autónoma e mais á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira.

A Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira, á vista das resolucións da comunidade autónoma e da Capitanía Marítima, modificará o Censo da Frota Pesqueira Operativa actualizando as características, para facelas coincidir coas que figuren no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, e anotará as restricións, de proceder, no prazo de dous meses.

#### Artigo 7. *Altas ou baixas no Censo da Frota Pesqueira Operativa.*

1. Os armadores de embarcacións que estean incluídos no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e non estean incluídos no Censo da Frota Pesqueira Operativa e que fosen obxecto de regularización, deberán solicitar a súa inscrición no Censo, de acordo coa Orde APA/320/2008, do 6 de febreiro, pola que se establece o procedemento para a inclusión no Censo da Frota Pesqueira Operativa dos buques de pesca españois obxecto de regularización en virtude da Lei 9/2007, do 22 de xuño, sobre regularización e actualización de inscricións de embarcacións pesqueiras no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e no Censo da Frota Pesqueira Operativa, no prazo máximo de catro meses a partir da notificación da resolución da comunidade autónoma a que se refire o artigo 5.

A alta no Censo da Frota Pesqueira Operativa é requisito necesario para autorizar o exercicio da actividade pesqueira.

2. De acordo co disposto no artigo 3, o procedemento administrativo iniciarase de oficio coa comunicación da comunidade autónoma. A Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira dará trámite de audiencia ao armador ou propietario da embarcación para que no prazo de 15 días alegue o que ao seu dereito conveña. Á vista das alegacións dítarase e notificarase a resolución que corresponda no prazo de catro meses. De acordarse a baixa provisional no Censo da Frota Pesqueira Operativa, a embarcación non poderá ser autorizada para o exercicio da actividade pesqueira. En todo o non previsto neste real decreto aplicarase con carácter supletorio o disposto no Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro.

3. No entanto, estas embarcacións poderán ser reactivadas no Censo da Frota Pesqueira Operativa achegando as baixas correspondentes no prazo e nas condicións previstas no Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro, sen que lles sexa de aplicación as tolerancias establecidas no artigo 111 da Lei 3/2001, do 26 de marzo.

#### Disposición adicional primeira. *Anotacións na folla de asento.*

No procedemento que se regula neste real decreto, os datos de partida para a regularización das embarcacións serán os que figuren na folla de asento orixinal. Cando existan modificacións posteriores que afecten as características principais da embarcación e que estean debidamente autorizadas pola Administración competente, teranse en conta estas últimas, sempre que estes procedementos estean ultimados e anotados en folla de asento, conforme a lexislación sobre ordenación do sector pesqueiro.

#### Disposición adicional segunda. *Achega de baixas para anular limitacións.*

Os armadores ou propietarios daquelas embarcacións anotadas coas súas características reais nos rexistros por non teren achegado as correspondentes baixas, poderán levantar tales limitacións cando acheguen as baixas pertinentes e así se recoñecese, tras a finalización do trámite que se indica no artigo 5.

En todo caso, non se poderán anotar nos rexistros potencias superiores ás establecidas no artigo 5.4 do Real decreto 1549/2009, do 9 de outubro.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en virtude da competencia estatal en materia de bases de ordenación do sector pesqueiro, de acordo co establecido no artigo 149.1.19.<sup>a</sup> da Constitución.

No entanto, as referencias ás competencias do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e ao Censo da Frota Pesqueira Operativa ampáranse no título competencial do artigo 149.1.19.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de pesca marítima.

Así mesmo, as referencias ás competencias das capitanías marítimas e ao Rexistro de Buques e Empresas Navieiras dítanse en exercicio da competencia estatal en materia de mariña mercante e abandeiramento de buques, ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento normativo e aplicación.*

Facúltanse os ministros de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e de Fomento, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de xullo de 2012.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN